



CONCELLO DE TOQUES

CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

Asunto: Aprobación das bases que rexerán a contratación de un peón forestal do Servizo de limpeza e conservación forestal mediante persoal laboral temporal.

Vistas as necesidades de contar cun servizo de limpeza e conservación forestal neste Concello;


Vistas as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) ao abeiro da Orde de 20 de decembro de 2019, modificada pola Orde do 18 de febreiro de 2020;

Vista a resolución de data 11/06/2020 pola que se aproba a concesión de subvención para o fomento de emprego no medio rural onde se outorga ó Concello de Toques unha subvención para a contratación dun peón forestal por importe de 13.241,79 euros para un periodo total de 9 meses;

Dado o novo e “transitorio” marco xurídico en vigor a raíz da aprobación do Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, que vén sendo obxecto de consolidación a través das diferentes leis de orzamentos do Estado (actualmente a través da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, todavía hoxe en día en vigor);

Vista a Circular da Dirección Xeral de Administración Local de data 30 de xaneiro de 2012 onde se interpreta dita norma para adaptala o marco local e onde se determina o carácter non básico da necesidade de autorización previa e expresa do Ministerio de Facenda con respecto ás contratacións de persoal ou funcionarios interinos;

Visto que dita circular, remitíndose a unha interpretación finalista da norma, considera razoable poñer un filtro de seguridade para as entidades locais, recoñecendo a autonomía destas constitucionalmente garantida para xestionar os seus respectivos intereses, polo que considera recomendable seguir un procedemento xustificativo da necesidade e da urxencia destas contratacións temporais ou das prórrogas das mesmas. Considera que para realizar este tipo de contratacións deben darse unha serie de circunstancias: que se trate de servizos públicos esenciais, que existe excepcionalidade e que se trate de cubrir necesidades urxentes e inaprazables xustificando motivadamente se o caso concreto se atopa dentro da previsión excepcional do Real Decreto-Lei.



CONCELLO DE TOQUES

CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto
15806 Toques (A Coruña)
NIF: P-1508400G
Tfno.: 981 505 826 fax 981 506 255.
Páxina web: www.toques.es
Email: correo@toques.es

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 46.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar as bases que rexerán a contratación dun peón forestal para o servizo de limpeza e conservación forestal por un periodo de 9 meses como persoal laboral temporal do Concello de Toques.

SEGUNDO.- Presentar oferta de traballo na oficina de Emprego de Melide e determinar como periodo para presentar as solicitudes ata o día 22 de xuño de 2020 ata as 14.00 horas.

TERCEIRO.- Dar conta do presente decreto na vindeira sesión ordinaria de Pleno.

En Toques, mándao e asínoa o Sr. Alcalde, D. Miguel Angel Buján Varela ante o Sr. Secretario, na data que figura á marxe;